

CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS DE REFORMA E CONSOLIDACIÓN:

1. Os proxectos técnicos axustaranse ás determinacións do artigo 6, “Condições do proxecto”, Capítulo 2, Parte I do Código técnico da edificación.

2. Ademais da documentación recollida no Anexo I da Parte I do Código técnico da edificación o proxecto técnico deberá conter a seguinte documentación técnica:

1. Memoria urbanística: incluírá a xustificación das condicións esixidas polos diversos títulos da normativa do plan xeral. Nos casos de edificacións en situación de fóra de ordenación ou fóra de ordenanzas a a memoria deberá indicar a causa que motiva a dita cualificación e xustificar que as obras solicitadas se inclúen entre as permitidas de conformidade cos artigos 2.7.21 ou 2.7.23 das Normas urbanísticas do plan xeral .
2. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Vigo, no que se sinalen a situación da parcela ou edificación na que se pretenden as obras.
3. Plano de localización a escala mínima 1:500, acoutándose as distancias das edificacións proxectadas ao eixe da vía pública, á aliñación oficial e aos demais lindeiros, acoutándose o ancho das vías de acceso; indicárase a orientación, as aliñacións e rasantes oficiais e a superficie dos terreos de cesión.
4. Planos de plantas, alzados e seccións do estado actual da edificación antes das obras de reforma ou consolidación.
5. No caso de edificacións de uso industrial achegarase proxecto técnico xustificativo ao abeiro do *Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais*, ou lexislación que o substitúa, se procede.

2. Para a solicitude de licenza será suficiente a presentación dun proxecto básico coa documentación técnica que se relaciona no punto anterior. No caso de solicitar a licenza co proxecto básico, antes do inicio da obra deberá presentar o proxecto de execución de conformidade co artigo 46 da ordenanza, xunto coa seguinte documentación:

1. Estudo de seguridade e saúde segundo R.d. 1627/1997 redactado por técnico/a competente
2. Oficio da dirección da execución da obra .
3. Estudo de xestión de residuos segundo R.d. 105/2008.
4. Nomeamento do contratista e xustificación de alta para os efectos do imposto de actividades económicas.

4. Os proxectos técnicos deberán estar subscritos por técnico ou técnicos competentes, e reunir os requisitos formais esixibles en conformidade coa lexislación en vigor. O proxecto, unha vez incorporado ao expediente administrativo, ten carácter de documento público; a ou o seu autor responderá da súa veracidade e exactitude para todos os efectos.